

3.2.

coberturasociale prestaciónseconómicas

As obrigas contraídas polas entidades xestoras e Tesorería General da Seguridade Social en Galicia ascenderon a 5.961,4 de euros, en tanto que os seus dereitos recoñecidos netos acadaron os 4.399,3 millóns de euros.

No último ano, o número total de beneficiarios dalgún tipo de prestacións económicas medrou en torno ás 8.200 persoas, acadando as 839.400 persoas. Este incremento ven explicado fundamentalmente pola medra do número de beneficiarios das pensións contributivas e, en menor medida, polo das prestacións por desemprego.

Un ano máis, o importe medio das pensións contributivas segue a ser o máis baixo das dezasete Comunidades Autónomas. Asemade, hai que destacar que este problema se agrava dado o novo incremento do diferencial coa media estatal.

Tendo en conta que hai un apartado específico dedicado ao estudio das prestacións sanitarias e sociais [3.3.- [Prestacións sanitarias e sociais](#)], neste capítulo se analizan en primeiro lugar, o financiamento e a cobertura social do Estado, para posteriormente centrarse nas percepcións económicas dos distintos beneficiarios dalgún tipo de prestación: pensións contributivas, pensións non contributivas, prestacións por desemprego e renda de integración social.

Financiamento e cobertura social do Estado

O número de persoas afiliadas á Seguridade Social en 2006 (media anual) experimentou un crecemento do 3,5% respecto ao ano anterior (34.787 afiliacións máis), para acadar as 1.032.532 persoas afiliadas. A meirande parte destas afiliacións corresponden ao grupo do réxime xeral, que acolle, **cadro 2.1.1.** [*Traballadores en alta laboral 2004-05: distribución segundo réximes*], ao 72,1% do total de afiliacións (744.816 traballadores), seguido do réxime especial de autónomos cun 18% das mesmas (186.200 persoas).

Antes da análise máis polo miúdo dos dereitos recoñecidos e das obrigas contraídas pola Tesorería General, cómpre salientar a existencia dun novo diferencial teórico positivo no caso do réxime xeral e do réxime especial de traballadores autónomos (254,6 e 53,2 millóns de euros, respectivamente). Esta diferenza é negativa no resto dos réximes, salientando o réxime especial agrario, cun saldo negativo de 1.238,9 millóns de euros, e o dos traballadores do mar, con 392,9 millóns de euros.

Os dereitos recoñecidos netos realizados pola Tesorería General da Seguridade Social en Galicia, **cadro 3.2.2.**, acadaron os 4.399,3 millóns de euros, dos que 4.355,0 millóns de euros corresponderon ás cotizacións sociais. Trala medra experimentada en 2006 nas catro provincias

Obrigas contraídas e dereitos recoñecidos netos realizados pola Tesorería Xeral de la Seguridad Social en Galicia 2006: distribución segundo réximes

	Dereitos recoñecidos	Obrigas contraídas	Diferencial
	(en miles de €)		
Réxime Xeral	3.197.458,5	2.942.822,3	254.636
Réxime especial de traballadores autónomos	546.402,0	493.226,0	53.176
Réxime especial agrario	89.619,3	1.328.530,8	-1.238.912
Réxime especial de traballadores do mar	91.762,5	484.695,9	-392.933
Réxime especial da minaría do carbón	2.181,1	21.915,8	-19.735
Réxime especial de empregados de fogar	31.163,2	98.473,0	-67.310
Accidentes de traballo e enferm. profesionais	26.193,9	167.400,9	-141.207

Fonte: Tesorería Xeral de la Seguridad Social

3.2.1.

Dereitos recoñecidos netos realizados pola Tesorería Xeral de la Seguridad Social 2006

	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
	(en miles de €)				
Cotizacións sociais	4.355.042,2	1.888.146,9	476.804,3	435.393,4	1.554.697,6
Réxime Xeral	3.197.458,5	1.415.118,2	322.956,4	312.324,1	1.147.059,9
Réxime especial de traballadores autónomos	546.402,0	221.548,1	68.413,7	69.884,3	186.555,9
Réxime especial agrario	89.619,3	31.937,6	32.989,4	8.911,8	15.780,4
Réxime especial de traballadores do mar	91.762,5	27.802,9	8.762,4	13,4	55.183,8
Réxime especial da minaría do carbón	2.181,1	1.887,4	143,0	84,3	66,4
Réxime especial de empregados de fogar	31.163,2	12.695,4	4.299,4	4.652,9	9.515,5
Accidentes de traballo e enferm. profesionais	26.193,9	10.809,4	3.359,6	2.387,6	9.637,2
Cotizacións de desempregados	370.261,6	166.347,8	35.880,4	37.134,9	130.898,5
Taxas e outros ingresos	42.097,0	17.013,0	5.678,9	4.346,1	15.059,1
Transferencias correntes	1.451,9	731,0	336,0	139,9	245,1
Ingresos patrimoniais	257,2	231,0	18,8	2,0	5,4
Enaxenación de investimentos reais	77,0	77,0	-	-	-
Activos financeiros	418,3	163,3	61,7	49,1	144,2
Totais	4.399.343,6	1.906.362,2	482.899,5	439.930,5	1.570.151,4

Fonte: Tesorería Xeral de la Seguridad Social

3.2.2.

Obrigas contraídas polas entidades xestoras e Tesorería Xeral de la Seguridad Social 2006

	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
	(en miles de €)				
Gastos de persoal	85.194,2	35.279,6	11.887,2	9.405,5	28.621,8
Gastos correntes en bens e servizos	16.078,4	6.173,6	1.758,0	1.285,9	6.860,9
Gastos financeiros	55,3	12,1	5,7	17,0	20,5
Transferencias correntes	5.856.332,4	2.262.530,7	893.180,4	792.598,9	1.908.022,5
Pensións	5.466.922,7	2.098.161,6	850.748,0	758.731,2	1.759.281,8
Pensións de invalidez	655.379,4	257.787,2	83.093,0	87.604,6	226.894,6
Pensións de jubilación	3.722.006,5	1.400.718,4	613.744,9	531.072,4	1.176.470,7
Pensións de viuvez	984.710,2	397.414,2	140.894,7	125.281,2	321.120,0
Pensións de orfandade	78.416,5	32.420,4	9.918,8	9.445,3	26.632,0
Pensións a favor de familiares	26.410,1	9.821,4	3.096,6	5.327,6	8.164,5
Incapacidade temporal	224.456,5	82.386,0	26.220,6	19.551,4	96.298,5
Recargos por falta de medidas seguridade e hixiene	2.154,0	668,7	310,2	189,3	985,7
Prestación por maternidade e risco no embarazo	59.883,5	26.596,4	5.211,5	5.339,2	22.736,3
Prestacións familiares	70.940,4	29.293,7	9.755,4	7.799,6	24.091,6
Outras prestacións, indemnizacións e entregas únicas	5.271,6	2.859,8	614,4	551,5	1.245,9
Prestacións sociais	26.693,3	22.563,9	319,9	436,2	3.373,3
Outras prestacións e indemnizacións	10,4	0,4	0,2	0,4	9,3
Farmacía	0,0	-	0,0	-	-
Investimentos reais	3.237,5	1.399,1	692,8	181,9	963,7
Activos financeiros	433,0	156,3	63,0	56,7	157,0
Pasivos financeiros	65,6	65,6	-	-	-
Total	5.961.396,4	2.305.617,0	907.587,1	803.545,9	1.944.646,5

Fonte: Tesorería Xeral de la Seguridad Social

Obrigas contraídas polas Entidades Xestoras e Tesorería General de la Seguridad Social en Galicia 2006: transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro

	Xeral	Traballadores autónomos	Agrario	do Mar	Minería do Carbón	Empregados do Fogar	Acc. Trabajo e Enf. Profesional	Non Contributiva	Total
Pensións	2.746.037	459.163	1.312.090	459.860	21.874	92.514	161.703	213.682	5.466.922,7
Invalidez permanente	337.243	56.735	54.733	39.995	1.613	7.290	69.158	88.613	655.379,4
Xubilación	1.820.402	311.615	1.017.399	317.208	15.669	81.917	32.737	125.069	3.722.006,5
Viuvez	543.346	84.133	203.436	94.510	4.300	2.598	52.387	-	984.710,2
Orfandade	36.131	5.694	23.524	6.439	231	495	5.903	-	78.416,5
Favor de familiares	8.915	985	12.998	1.708	72	214	1.519	-	26.410,1
Subsidios	196.785	34.063	16.441	24.836	42	5.959	5.697	-	362.706,0
Incapacidade temporal por enfermidade ou accidente	142.472	29.361	15.835	23.664	31	5.373	5.679	-	224.456,5
Compensación por colab. de empresas	142.472	29.361	15.835	23.664	31	5.373	5.679	-	222.414,6
Recargos por falta de medidas de seguridade e hixiene	-	-	-	-	-	-	-	-	2.041,9
Maternidade	53.852	4.642	380	421	10	579	-	-	2.154,0
Subsidio temporal por maternidade	52.857	4.629	349	417	10	579	-	-	59.883,5
Subsidio temporal por risco no embarazo	995	13	31	4	-	-	-	-	58.840,2
Prestacións familiares	-	-	-	-	-	-	-	-	1.043,3
Fillo a cargo	-	-	-	-	-	-	-	-	70.940,4
Id. con discapacidade	-	-	-	-	-	-	-	-	11.553,6
Nacemento de fillo	-	-	-	-	-	-	-	-	58.591,3
Parto múltiple	-	-	-	-	-	-	-	-	136,1
Outras prestacións	461	61	226	752	1	7	19	-	659,4
Prestacións asumibles pola Seguridade Social	-	-	-	-	-	-	-	-	5.271,6
Auxilio por defunción	158	42	165	29	1	7	19	-	1,9
Indemnización a tanto alzado	303	18	61	723	-	-	-	-	420,5
Por baremo	-	-	-	-	-	-	-	-	1.105,0
Prestacións complementarias D. Transit. Ley 21/1986.S	-	-	-	-	-	-	-	-	921,9
Outras	-	-	-	-	-	-	-	-	2.095,5
Prestacións sociais	-	-	-	-	-	-	-	-	726,7
Total	2.942.822	493.226	1.328.531	484.696	21.916	98.473	167.401	213.682	5.856.322,0

Fonte: Tesorería General de la Seguridad Social

galegas, mantense a súa importancia relativa no total de Galicia, de tal xeito que A Coruña acolle o 43,3% dos dereitos recoñecidos netos (1.906,4 millóns de euros) e Pontevedra, o 35,7% (1.570,2 millóns de euros). En Lugo e Ourense estas porcentaxes foron do 11% (482,9 millóns de euros) e o 10% (439,9 millóns de euros), respectivamente.

Desagregando as cotizacións sociais segundo réxime de aplicación en Galicia, o **cadro 3.2.2.** reflicte que as máis importantes son as do réxime xeral, con 3.197,5 millóns de euros (o 73,4% do total das cotizacións sociais), seguíndolle en importancia as do réxime especial de traballadores autónomos, con 546,4 millóns de euros (12,5%) e as cotizacións de desempregados, con 370,3 millóns de euros (8,5%).

O importe total das **obrigas contraídas** en Galicia polas entidades xestoras e Tesorería General de la Seguridad Social ascendeu a 5.961,4 millóns de euros, dos que 5.856,3 millóns de euros (o 98,2%) corresponden ás transferencias correntes. Ao igual que no caso dos dereitos recoñecidos, todas as provincias presentan unha medra das súas obrigas contraídas, sendo A Coruña a que as ten máis elevadas, con 2.305,6 millóns de euros (o 38,7% do total galego), seguido de Pontevedra, con 1.944,6 millóns de euros (32,6%) e Lugo e Ourense con 907,6 (o 15,2%) e 803,5 millóns de euros (13,5%), respectivamente.

Centrándonos nas transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro, o **cadro 3.2.4.** reflicte que as máis importantes seguen sendo as do réxime xeral e o agrario, con 2.942,8 e 1.328,5 millóns de euros, respectivamente. Esta mesma situación rexístrase nas distintas provincias galegas agás en Lugo, onde o réxime especial agrario segue presentando unhas obrigas contraídas superiores ás do réxime xeral.

As pensións por xubilación son as que presentan un maior volume de obrigas recoñecidas, con 3.722,0 millóns de euros, seguidas das pensións de viuvez, con 984,7 millóns de euros. No caso dos subsidios, os de incapacidade temporal son os máis importantes, con 224,5 millóns de euros.

Prestacións económicas

O número total de beneficiarios dalgún tipo de prestación ascendeu en Galicia a 839.400 persoas, un 1% máis que no ano anterior. O incremento de 8.200 persoas ven explicado fundamentalmente pola medra experimentada no caso dos beneficiarios pensións contributivas, e en menor medida, polo das prestacións por desemprego.

• Pensións contributivas

O número medio (anual) de beneficiarios en Galicia que no ano 2006 cobraba algún tipo de pensión da Seguridade Social situouse nas 697.500 persoas, ascendendo o seu importe medio a 535,10 euros por persoa. O número de pensións en Galicia rexistrou unha medra do 1,1% respecto ao ano anterior (2,3% no conxunto do Estado), situándose a súa importancia relativa no total estatal no 8,5%.

Galicia segue sendo a quinta comunidade con maior número de pensións, sendo superada por Cataluña, Andalucía, Madrid e a C. Valenciana. Asemade, non só continúa a ser a Comunidade Autónoma co importe medio máis baixo, senón que volve a medrar o diferencial co importe medio estatal: 106,76 euros inferior en 2005 fronte aos 103,52 euros menos no ano anterior.

Desagregando o estudo segundo os diferentes tipos de pensións, o **cadro 3.2.6.** reflicte que o número de pensións de incapacidade permanente en Galicia foi de 64,1 miles de pensións (62,6 miles de pensións en 2005). O seu importe medio ascendeu ata os 626,26 euros, 105,29 euros inferior á media estatal, o que o sitúa coma a terceira comunidade co importe medio máis baixo, por diante de Murcia, con 602,70 euros, e Estremadura, con 595,70 euros.

Respecto ás pensións por xubilación e viuvez, estas ascenderon a 432,6 e 175,5 miles de pensións, respectivamente, o que representa o 9% do total das pensións de xubilación de España e o 8% das pensións de viuvez. Os seus importes medios son os máis baixos do Estado con

Beneficiarios e importe medio das prestacións 2005-06: distribución segundo tipo de cobertura

	2005		2006	
	número <i>(en miles de prestacións)</i> <i>(media anual)</i>	importe medio <i>(en €)</i> <i>(media mensual)</i>	número <i>(en miles de prestacións)</i> <i>(media anual)</i>	importe medio <i>(en €)</i> <i>(media mensual)</i>
Pensións contributivas	689,6	506,23	697,6	535,10
Incapacidade permanente	62,6	595,85	64,1	626,26
Xubilación	428,5	557,66	432,6	590,74
Viuvez	173,0	381,05	175,5	399,76
Orfandade e favor familiar	25,5	271,62	25,4	292,22
Pensións non contributivas	53,7		53,4	
Invalidez	20,9		20,9	
Xubilación	32,8		32,5	
LISMI	3,1		2,7	
Pensións asistenciais	0,2		0,1	
Prestacións por desemprego	78,6		79,2	
Contributivas	43,5		44,6	
Subsidios	30,0		29,8	
Renta activa de inserción	5,2		4,8	
RISGA	<i>(beneficiarios a 31-12)</i> 4.145	<i>(media anual)</i> 295,53	<i>(beneficiarios a 31-12)</i> 4.225	<i>(media anual)</i> 323,47
Axudas de emerxencia social	1.915	1.130,31	2.123	1.187,22

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do *Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales* e da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais

3.2.5.

590,74 e 399,76 euros, respectivamente, e ao igual que no caso das pensións de incapacidade permanente, aumenta o diferencial coa media estatal.

Canto á distribución segundo réximes, os datos recollidos no **cadro 3.2.7.** indican que os réximes xeral e agrario (conta propia) acollen o maior número de pensións, con 285.884 e 225.096 pensións, respectivamente, situándose as súas pensións medias en 675,28 e 395,24 euros, respectivamente. No réxime especial de traballadores autónomos, o número de pensións ascendeu a 74.487 e o seu importe medio, a 447,98 euros.

Comparado co resto das CC.AA., Galicia é a comunidade autónoma co importe medio máis baixo no caso do réxime especial do mar, e a segunda comunidade con menor importe medio no caso do réxime xeral e do réxime especial agrario por conta propia, por detrás de Estremadura e Ceuta e Melilla, respectivamente. No que atinxe ao réxime especial de traballadores autónomos, o importe medio galego tan só é superior ao rexistrado en Baleares e Canarias

Atendendo á evolución respecto ao ano anterior, o devandito **cadro 3.2.7.** reflicte o incremento do número de pensións contributivas en Galicia en tódolos réximes agás nos agrarios (conta propia e allea) e no seguro obrigatorio de velez e invalidez (SOVI). No concenrente aos importes medios, e ao igual que en 2005, estes medran nos diferentes réximes, se ben estes incrementos son inferiores aos rexistrados no conxunto do Estado (agás no R.E. de empregados do fogar, cunha medra similar). Tendo en conta os tres grandes réximes no que ao número de pensións se refire, o diferencial máis importante é o rexistrado no caso do réxime xeral, que medra 6,09 euros menos que no conxunto do Estado, fronte aos 2,05 euros menos do R.E. agrario (conta propia) e os 90 céntimos menos no caso do R.E. de traballadores autónomos.

• Pensións non contributivas

O número total de **beneficiarios** das pensións non contributivas volveu a descender no último ano tanto en Galicia coma no conxunto do Estado. A Comunidade autónoma de Galicia segue a ser a terceira comunidade co maior número de beneficiarios, con 52.956 beneficiarios (o 11% do total de beneficiarios en España), despois de Andalucía e Cataluña, con 109.608 e 59.352 beneficiarios, respectivamente.

Pensións da Seguridade Social nas CC.AA. 2005-06: beneficiarios e importe medio segundo clase de pensión

 (Número: medias anuais, en miles de pensións)
 (Importe medio: en €)

2005

	Totais		Incapacidade permanente ⁽¹⁾		Xubilación		Viuvez		Orfandade e favor familiar	
	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio
Andalucía	1.271,9	561,90	185,4	660,41	675,5	628,67	348,8	434,35	62,2	258,62
Aragón	264,6	627,95	21,9	772,56	162,0	697,48	72,6	465,28	8,0	302,24
Asturias	285,2	738,74	33,4	159,7	159,7	857,00	82,4	498,42	9,7	342,98
Baleares	153,0	551,09	18,7	640,94	88,9	613,81	40,5	410,34	4,9	236,40
Canarias	221,8	571,26	26,4	618,50	116,5	667,23	64,5	448,44	14,3	257,11
Cantabria	123,2	633,82	12,4	745,11	72,6	717,38	33,5	458,17	4,8	305,24
Castela-A Mancha	321,1	556,63	29,7	627,82	187,8	620,14	90,0	443,35	13,6	273,16
Castela e León	566,9	587,26	42,3	724,46	350,8	652,84	152,8	438,62	20,9	295,80
Cataluña	1.410,8	630,94	149,5	721,82	860,1	701,45	365,1	275,34	36,1	275,34
C. Valenciana	788,2	559,34	80,1	638,95	458,8	624,06	219,9	435,41	29,4	259,59
Extremadura	197,9	513,80	19,5	566,94	110,0	572,83	58,3	428,58	10,1	260,18
Galicia	689,7	606,23	62,6	595,85	428,5	557,68	173,0	381,05	25,5	271,62
Madrid	850,7	726,13	63,0	816,96	517,1	836,76	239,2	518,56	31,4	303,77
Murcia	205,2	539,34	28,3	574,33	114,0	608,57	54,2	421,03	8,7	255,68
Navarra	107,5	679,36	10,5	844,70	65,7	758,24	27,7	480,54	3,8	306,47
País Vasco	449,2	771,82	41,8	910,47	267,2	882,67	123,7	543,20	16,4	335,93
A Ríoxa	58,6	583,42	5,6	689,84	36,3	637,57	14,9	444,51	1,8	296,50
Ceuta e Melilla	14,1	647,56	1,7	828,45	6,7	785,58	4,7	476,92	1,1	251,16
Total	7.979,7	609,75	832,8	700,05	4.678,3	686,61	2.165,9	455,26	302,8	278,81
G/E (%)	8,6		7,5		9,2		8,0		8,4	

2006

	Totais		Incapacidade permanente		Xubilación		Viuvez		Orfandade e favor familiar	
	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio
Andalucía	1.296,0	592,92	191,4	691,42	689,1	664,00	354,2	455,96	61,2	277,12
Aragón	270,0	661,04	22,3	806,79	166,4	734,14	73,3	488,04	8,0	320,03
Asturias	286,6	777,89	34,4	920,61	161,4	902,71	83,2	523,61	9,5	365,41
Baleares	156,1	580,55	18,9	688,68	91,4	647,67	41,1	428,56	4,8	254,33
Canarias	228,3	602,82	27,4	649,43	120,5	703,89	66,1	470,20	14,3	275,34
Cantabria	125,4	666,32	12,9	781,45	73,9	753,16	33,9	480,28	4,7	324,93
Castela-A Mancha	325,5	590,52	31,1	661,43	189,8	658,77	91,1	468,30	13,5	292,81
Castela e León	573,6	620,11	42,6	754,72	355,7	690,63	154,5	461,54	20,8	316,36
Cataluña	1.455,0	661,54	156,1	752,23	892,3	735,02	370,7	482,29	35,9	291,85
C. Valenciana	815,6	586,98	83,6	671,05	479,3	654,10	223,4	452,19	29,3	277,15
Extremadura	199,6	544,26	20,1	595,70	110,7	607,50	58,9	452,35	9,9	281,11
Galicia	697,5	635,10	64,1	626,26	432,6	590,74	175,5	399,76	25,4	292,22
Madrid	874,8	762,63	64,6	847,39	536,9	876,80	242,7	543,66	30,6	322,16
Murcia	209,7	567,12	29,2	602,70	116,6	640,96	55,1	438,97	8,8	271,36
Navarra	110,9	718,08	10,6	882,20	68,5	801,56	28,0	503,91	3,7	322,68
País Vasco	464,4	806,10	42,9	947,83	279,9	916,89	125,5	568,00	16,1	357,30
A Ríoxa	60,2	612,55	5,7	720,45	37,7	670,04	15,1	462,57	1,8	312,29
Ceuta e Melilla	14,3	680,74	1,8	872,68	6,7	820,11	4,7	501,77	1,1	269,63
Total	8.165,3	641,86	859,8	731,55	4.809,3	722,71	2.196,9	476,70	299,3	297,47
G/E (%)	8,5		7,5		9,0		8,0		8,5	

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

**Pensións contributivas da Seguridade Social en Galicia e España a 31 de decembro de 2005-06:
beneficiarios e importe medio segundo réxime**

(número: medias anuais, en miles de pensións)
(importe medio: en €)

	Galicia		España		Galicia / España	
	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio
					(%)	
Réxime Xeral	277.547	640,88	4.581.932	737,69	6,1	86,9
R. E. de traballadores autónomos	72.310	422,11	982.924	448,08	7,4	94,2
R. E. Agrario, conta propia	230.583	376,63	808.185	399,21	28,5	94,3
R. E. Agrario, conta allea	6.378	395,01	659.750	415,59	1,0	95,0
R. E. de Traballadores do Mar	49.642	620,80	130.886	683,65	37,9	90,8
R. E. da Minería do Carbón	1.605	908,14	71.260	1.098,32	2,3	82,7
R. E. de Empregados de Fogar	16.094	383,45	194.561	388,00	8,3	98,8
Accidentes de Traballo	17.428	580,52	201.538	671,83	8,6	86,4
Enfermidades Profesionais	2.536	680,72	44.469	918,13	5,7	74,1
SOVI	21.060	289,53	431.763	291,72	4,9	99,3
Total	695.183	509,43	8.107.268	612,13	8,6	83,2

	Galicia		España		Galicia / España	
	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio
					(%)	
Réxime Xeral	285.884	675,28	4.696.838	778,19	6,1	86,8
R. E. de traballadores autónomos	74.487	447,98	1.010.248	474,85	7,4	94,3
R. E. Agrario, conta propia	225.096	395,24	790.272	419,87	28,5	94,1
R. E. Agrario, conta allea	6.306	413,48	655.742	436,94	1,0	94,6
R. E. de Traballadores do Mar	50.460	652,22	131.293	717,95	38,4	90,8
R. E. da Minería do Carbón	1.623	952,35	70.803	1.156,08	2,3	82,4
R. E. de Empregados de Fogar	16.218	402,93	192.095	407,28	8,4	98,9
Accidentes de Traballo	17.595	614,52	203.195	710,34	8,7	86,5
Enfermidades Profesionais	2.567	719,16	44.320	957,56	5,8	75,1
SOVI	20.791	303,59	436.573	306,13	4,8	99,2
Total	701.027	539,15	8.231.379	647,26	8,5	83,3

Fonte: Instituto Nacional de la Seguridad Social

○ 3.2.7.

Pensións non contributivas nas CC.AA. 2005-06: beneficiarios

	Beneficiarios totais			Invalidez (1)			Xubilación		
	2005	2006	06/05	2005	2006	06/05	2005	2006	06/05
	(en medias anuais)			(en medias anuais)			(en medias anuais)		
			(%)			(%)			(%)
Andalucía	109.886	109.608	-0,3	46.871	46.805	-0,1	63.015	62.804	-0,3
Aragón	9.834	9.526	-3,1	3.042	3.065	0,8	6.792	6.462	-4,9
Asturias	11.175	11.128	-0,4	5.329	5.322	-0,1	5.846	5.807	-0,7
Baleares	7.940	7.926	-0,2	3.566	3.583	0,5	4.374	4.343	-0,7
Canarias	42.153	42.133	0,0	19.497	19.526	0,1	22.656	22.607	-0,2
Cantabria	6.291	6.273	-0,3	3.010	3.060	1,7	3.281	3.214	-2,0
Castela-A Mancha	23.415	23.062	-1,5	8.959	9.027	0,8	14.456	14.035	-2,9
Castela e León	27.129	26.943	-0,7	11.019	11.051	0,3	16.109	15.891	-1,4
Cataluña	59.833	59.352	-0,8	25.750	25.558	-0,7	34.084	33.795	-0,8
C. Valenciana	47.391	47.796	0,9	20.496	20.602	0,5	26.895	27.195	1,1
Extremadura	17.083	16.685	-2,3	6.167	6.118	-0,8	10.916	10.567	-3,2
Galicia	53.685	52.956	-1,4	20.923	20.435	-2,3	32.762	32.521	-0,7
Madrid	34.054	34.009	-0,1	13.672	13.664	-0,1	20.382	20.344	-0,2
Murcia	15.205	15.006	-1,3	7.727	7.618	-1,4	7.478	7.388	-1,2
Navarra	3.160	3.049	-3,5	1.022	1.005	-1,7	2.138	2.044	-4,4
País Vasco	9.939	9.941	0,0	5.236	5.323	1,7	4.703	4.618	-1,8
A Rioxa	2.119	2.074	-2,1	860	865	0,6	1.259	1.208	-4,1
Ceuta e Melilla	4.216	4.296	1,9	2.174	2.218	2,0	2.042	2.078	1,8
Total	484.508	481.763	-0,6	205.320	204.845	-0,2	279.188	276.921	-0,8
G/E (%)	11,1	11,0		10,2	10,0		11,7	11,7	

(1) Dende xaneiro de 2001 os beneficiarios de pensións de invalidez, con 65 ou máis anos, pasan a percibir a pensión de xubilación
Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

○ 3.2.8.

Beneficiarios das prestacións sociais e económicas da LISMI e das pensións asistenciais nas CC.AA. 2005-06						
	LISMI			Pensións asistenciais		
	2005	2006	06/05	2005	2006	06/05
	(en medias anuais)		(%)	(en medias anuais)		(%)
Andalucía	11.563	10.185	-11,9	14.164	12.660	-10,6
Aragón	1.717	1.518	-11,6	146	107	-26,7
Asturias	2.083	1.835	-11,9	190	118	-37,9
Baleares	547	471	-13,9	129	76	-41,1
Canarias	670	543	-19,0	3.945	3.585	-9,1
Cantabria	1.122	1.022	-8,9	155	131	-15,5
Castela-A Mancha	4.965	4.568	-8,0	2.069	1.828	-11,6
Castela e León	7.224	6.560	-9,2	936	297	-68,3
Cataluña	5.475	3.473	-36,6	1.508	478	-68,3
C. Valenciana	5.875	5.304	-9,7	3.080	2.705	-12,2
Extremadura	4.877	4.414	-9,5	1.254	1.121	-10,6
Galicia	3.136	2.679	-14,6	165	122	-26,1
Madrid	4.980	4.193	-15,8	2.627	2.225	-15,3
Murcia	7.818	7.021	-10,2	880	753	-14,4
Navarra	-	-	-	154	114	-26,0
Pais Vasco	-	-	-	1.477	1.357	-
A Rioxa	389	353	-9,3	18	14	-22,2
Ceuta e Melilla	930	850	-8,6	205	168	-18,0
Total	63.371	54.989	-13,2	33.102	27.859	-15,8
G/E (%)	4,9	4,9		0,5	0,4	

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

○ 3.2.9.

O 38,6% do total de beneficiarios o son de pensións de invalidez, e o restante 61,4%, a pensións de xubilación. Ao igual que o acontecido no ano anterior, o **cadro 3.2.8.** amosa o descenso tanto das pensións de invalidez (representa o 10% do total estatal) coma das pensións de xubilación (o 11,7% destas pensións no conxunto do Estado).

Ao longo do ano 2006 continúa a redución do número de beneficiarios de prestacións sociais e económicas da Lei de Integración Social dos Minusválidos (Lismi) e das pensións asistenciais. No primeiro caso, tal e como reflicte o **cadro 3.2.9.**, volve a rexistrarse un descenso do número de beneficiarios en tódalas comunidades autónomas, que no caso galego, foi do 14,6% respecto a 2005 (457 beneficiarios menos), un punto porcentual e medio inferior ao experimentado no conxunto do Estado.

O número de beneficiarios destas prestacións descendeu en Galicia ata os 2.679 beneficiarios (3.136 en 2005), manténdose a súa importancia relativa no conxunto de España no 4,9%.

En relación aos beneficiarios das **pensións asistenciais**, o devandito **cadro 3.2.9.** amosa que 2006 presenta unha caída do 26,1% respecto ao número de beneficiarios do ano anterior, pasando de 165 beneficiarios en 2005 aos 122 beneficiarios do ano 2006. O peso relativo destes beneficiarios no conxunto estatal descende lixeiramente dende o 0,5% de 2005 ao 0,4% do ano 2006.

• Prestacións por desemprego

O número total de beneficiarios por prestacións de desemprego, a diferenza do sucedido no ano anterior, aumentou en 2006 en Galicia a un ritmo inferior ao rexistrado no conxunto do Estado. Os perceptores desta prestacións medraron un 0,8% respecto ao ano precedente (3,8% en España), acadando as 79.200 persoas. Un 56,3% dos beneficiarios cobrou as prestacións de nivel contributivo, correspondendo un 37,6% a beneficiarios de prestacións de nivel asistencial e o 6,1% restante, á renda activa de inserción.

As prestacións de nivel asistencial corresponde ao 75% do salario mínimo interprofesional que medrou un 5,4% respecto ao ano anterior. En 2006 este situouse en 540,9 euros ao mes (513,00 euros/mes en 2005).

O incremento de 600 beneficiarios das prestacións por desemprego é resultado dunha

Beneficiarios de prestacións por desemprego e paro rexistrado 2005-06						
2005						
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España (1)
Nivel contributivo	18.950	4.113	4.680	15.727	43.470	687,0
Nivel asistencial <i>(media mensual)</i>	11.703	3.329	4.507	10.438	29.977	558,5
Renta Activa de Inserción	1.958	583	901	1.736	5.178	49,7
Total	32.611	8.025	10.088	27.901	78.625	1.295,2
Paro rexistrado (1)	69,6	17,4	21,3	63,8	172,1	2.069,9
Benef. contr./Paro rexistr. (%)	27,2	23,7	22,0	24,7	25,3	33,2
Benef. subs./Paro rexistr.	16,8	19,2	21,2	16,4	17,4	27,0
Taxas de cobertura bruta das prestacións por desemprego	55,5	53,9	57,1	53,4	54,8	67,8
2006						
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España (1)
Nivel contributivo	19.805	4.282	4.695	15.785	44.567	720,3
Nivel asistencial <i>(media mensual)</i>	11.618	3.323	4.441	10.459	29.840	353,9
Renta Activa de Inserción	1.889	533	774	1.609	4.805	51,3
Total	33.311	8.138	9.910	27.853	79.212	1.125,6
Paro rexistrado (1)	65,5	16,1	20,3	59,3	161,3	2.039,4
Benef. contr./Paro rexistr.	30,2	26,5	23,1	26,6	27,6	35,3
Benef. subs./Paro rexistr.	17,7	20,6	21,9	17,6	18,5	17,4

(1) os datos do paro rexistrado e os datos de beneficiarios para España están en miles
 Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INEM e Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

○ 3.2.10.

medra de 700 beneficiarios na provincia de A Coruña, que compensa a lixeira caída experimentada en Ourense (200 beneficiarios menos). En Lugo, hai cen beneficiarios máis que en 2005, mentres que a provincia de Pontevedra se mantén o seu número. Tras esta evolución, o número de beneficiarios de prestacións por desemprego en A Coruña situouse nas 33,3 miles de persoas, fronte ás 27,9 miles de persoas de Pontevedra, e os 9,9 e 8,1 miles de beneficiarios en Ourense e Lugo, respectivamente.

A igual que en 2005 rexístrase un incremento tanto da relación entre beneficiarios das prestacións contributivas e o paro rexistrado, que pasa do 25,3% de 2005 aos 27,6% do ano 2006, como entre os beneficiarios de subsidios e o paro rexistrado (17,4% no ano 2005 e 18,5% en 2006).

● **Renda de integración social**

O número total de beneficiarios da renda de integración social de Galicia (Risga) a 31 de decembro de 2006 situouse nas 4.225 persoas, 80 beneficiarios máis que na mesma data do ano anterior, das que 1.730 persoas perciben o subsidio básico e 2.156 beneficiarios, o devandito subsidio básico máis un complemento familiar e/ou un complemento de inserción (339 persoas reciben outro tipo de subsidios ou complementos). Tendo en conta que esta renda beneficia á unidade familiar, e que esta está formada por unha media de tres persoas, o número de beneficiarios desta renda de integración ascendeu no último ano a 12.675 galegos.

No que ao perfil xeral dos preceptores da Risga en 2006 se refire, este é de “unha muller de entre 25 e 44 anos, solteira ou separada con cargas familiares que vive en zona urbana, soa ou coa súa familia nuclear nun piso de aluguer ou cedido en precario. O nivel de estudos é de primarios incompletos e atópase parada aínda que non en búsqueda do seu primeiro emprego”. Ao igual que en anos anteriores, cómpre salientar o predominio do sexo feminino (65,8% dos beneficiarios), da residencia no medio urbano (o 78% dos preceptores residen en núcleos de máis de dez mil habitantes), e o predominio dos beneficiarios con idades comprendidas entre 25 e 44 anos (55,1%). En xeral, o nivel de estudos destes preceptores é moi baixo, xa que un 48,7% dos mesmos só teñen os estudos primarios incompletos, un 36,9% estudos primarios e un 4,3% dos beneficiarios son analfabetos. Asemade, no relativo á súa problemática básica cómpre salientar o desemprego (o 86,3% dos preceptores) onde o 85,2% dos beneficiarios da Risga son persoas

Risga e Axudas de Emerxencia Social 2006: beneficiarios e pagos

	Beneficiarios		Importe total pagado		Importe medio	
	Beneficiarios da Risga	Concesións das AES	Risga	AES	Risga	AES
			(en miles de €)		(en €)	
A Coruña	1.755	532	583,0	603,8	332,21	1.134,94
Lugo	416	326	129,5	517,9	311,27	1.588,67
Ourense	679	382	211,1	581,2	310,94	1.521,40
Pontevedra	1.375	883	443,0	817,6	322,19	925,93
Total	4.225	2.123	1.366,7	2.520,5	323,47	1.187,22

Fonte: Dirección Xeral de Acción Social

○ 3.2.11.

Resolución das solicitudes presentadas á Risga e ás AES 2005-06

	2005			2006		
	totais	Risga	AES	totais	Risga	AES
Solicitudes a resolver						
presentadas no ano	6.095	2.748	3.347	6.269	2.865	3.404
pendentes do ano anterior	5.500	2.427	3.073	5.537	2.562	2.975
	595	321	274	732	303	429
Solicitudes resoltas						
estimadas	5.052	2.262	2.790	5.301	2.351	2.950
desestimadas	3.611	1.679	1.932	3.857	1.734	2.123
	1.441	583	858	1.444	617	827
Solicitudes present. / resoltas (%)	82,9	82,3	83,4	84,6	82,1	86,7

Fonte: Dirección Xeral de Acción Social

○ 3.2.12.

Risga e Axudas de Emerxencia Social 2005-06: solicitudes rexistradas nas delegacións provinciais

	Risga		Axudas de emerxencia social		Total	
	2005	2006	2005	2006	2005	2006
A Coruña	942	1.059	937	826	1.879	1.885
Lugo	264	263	394	394	658	657
Ourense	329	320	535	517	864	837
Pontevedra	888	920	1.184	1.238	2.072	2.158
Total	2.423	2.562	3.050	2.975	5.473	5.537

Fonte: Dirección Xeral de Acción Social

○ 3.2.13.

paradas que traballaron algunha vez.

O **cadro 3.2.11.** reflicte que o importe total pagado no caso da Risga ascendeu a 1.367,7 miles de euros, polo que dado o número de beneficiarios, o importe medio por beneficiarios ascendeu a 323,47 euros (295,53 euros no ano anterior).

Das 2.865 solicitudes a resolver no último ano (303 pendentes do ano anterior), foron resoltas 2.351 solicitudes (1.734 estimadas e 617 denegadas), manténdose a porcentaxe de resolución de solicitudes lixeiramente por riba do 82% (**cadro 3.2.12.**).

En canto ás axudas de emerxencia social, concedéronse un total de 2.123 AES, o que implicou un gasto de 2.520,5 miles de euros. A contía media destas axudas ascendeu a 1.187,22 euros, oscilando o mesmo entre os 925,93 euros de Pontevedra e os 1.588,67 euros de Lugo.

No último ano houbo un total de 3.404 solicitudes de AES a resolver (429 pendentes do

ano anterior), das que foron resoltas 2.950 solicitudes (2.123 estimadas e 827 denegadas). A diferenza do que sucede no caso da Risga, a porcentaxe de resolución destas axudas medrou no último ano en 3,3 puntos porcentuais, acadando en 2006 o 86,7%.

Respecto ao perfil dos beneficiarios destas axudas de emerxencia social, cómpre salientar que o 18,4% reside no medio rural (núcleos de menos de 10.000 habitantes), o predominio do sexo feminino (o 66,9% son mulleres) e das persoas con idades comprendidas entre 25 e 44 anos (51,3% dos perceptores). Asemade, no relativo á súa situación laboral, un 57,7% corresponde a parados que xa traballaron e un 32,4% a inactivos, e no que á vivenda se refire, o tipo de vivenda característico é o piso (o 61,2%) seguido da vivenda unifamiliar (25,2%). Un 50,4% dos beneficiarios residen en vivenda alugada e un 24,2% reside en vivenda propia, dos que a maior parte teñen aboada a referida vivenda. Máis a metade dos beneficiarios das axudas en estudos primarios incompletos e case a terceira parte, estudos primarios (53,9% e 32,9%, respectivamente).

En canto aos resultados das distintas medidas para a inserción social, 1.190 beneficiarios iniciaron e/ou confirmaron a súa integración social e laboral, o que supón o 20% do número de persoas que estiveron incorporadas ao programa no citado período (5.951 persoas), coa salvedade de que algúns deles poden voltar ao dispositivo pola perda do traballo temporal ou indefinido acadado. ■